



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE OURENSE PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou coa Diocese de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Diocese de Ourense para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao Convenio.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O artigo 4º do “Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985.

Os inmobles sobre os que se ten previsto actuar aparecen recollidos no Anexo do presente convenio, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles: - Restauración do retablo lateral da zona da epístola na igrexa de San Pedro de Cudeiro, - Restauración do retablo lateral de Santa Ana e a Virxe, - PBE de reparacións varias na igrexa da Santísima Trindade de Ourense.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos nos listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



As intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

Este convenio de colaboración non comporta obrigas financeiras, xa que estas xurdirán coa tramitación do expediente de licitación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

